

# Sobre os PRADOS y os VALADOS

*Agora que xa case chegamos a ser un das zonas máis productivas en algúns dos recursos agrarios, sobre todo nel gado de leite y nel de produción de madeira pra pasta de papel —a costa de sacarlle al terreo moitas das reservas que tía— temos qu'esmoletmos moito máis por darlle a terra lo que necesita y axudar a qu'el entorno seña máis natural.*

↓ Jesús Fernández Gayol

**X**a sabemos que col clima que temos y col que nos chove, se nun yes botamos cuito ás terras cada vez apelmázanse máis y perden a fertilidá, pro agora esto complicase abondo porque os caseiríos na zona da marina oumentaron as ganadeirías y amañase úa cantidá de surrio enorme qu'hai que tratar y manexar ben pra que nun seña un problema nel futuro. Temos que párnos a pensar ante a situación nova que ta provocando el que cada vaca produce máis de dez toneladas de surrio al ano, pois condo pasen us anos máis hanse acidificar moito as terras pol esceso de nitratos y hanse a contaminar os regueiros y os ríos polas arroyadas y os lavados dos prados al chover.

Se nun se fain ben as cousas y se sigue botando demasiado surrio hanse a chegar a contaminar os prados polos moitos metais (cobre y cin) qu'avezan a ter algúns pensos enriquecidos, han a parecer moitas máis malas herbas y hanse a provocar pH mui altos por causa dos sales amónicos que nun deixan medrar ben as prantas. Todo esto vai acabar provocando desequilibrios na alimentación non sólo das vacas senón tamén das personas.

## Os valados

Pro neste cambio pra ser máis productivos tamén se fixeron outras cousas como quitar todos os valados pra xuntar as fincas y pra nun perder nada de terra agrícola, col que se perdéu el efecto cortaventos que faguían y s'alterió máis einda a biodi-

versidá y a riqueza biolóxica que tíamos antes. É verdá que coa parcelación que tían antano as fincas nun se podía producir nin trabayar as terras como se fai agora, pro tamén é certo que nos lindeiros novos podían poñerse valados qu'abrigaran as terras y as vacas dos ventos y del sol, nel canto de poñer alambradas. Tamén taba ben pensar que se fixéramos os valados con prantas autóctonas, que dan frutos y flores, podían valer pra daryes algo de cumer a os páxaros y ás abeyas, col qu'íbamos ter úa búa axuda pra controlar algúas pragas producidas polos viermos y úa miyor polinización dos frutales, que búa falta yes fai, porque cada vez pinta que yes costa máis caro dar a fruta.

## Úa situación que ten que mudar

Se xuntamos estos dous exemplos col resto das alteracións que se fixeron nestos vinte ou trenta anos últimos, por causa das queimas dos montes, das prantacións con especies que medran mui axina, das roturacións pra feir prados, etc., deberíanos levar a pensar que nun podemos seguir moito máis tempo así, porque volver ter úa búa biodiversidá y úa búa riqueza biolóxica tárdase moito tempo. Fainos falta tomar conciencia d'úa vez por todas de que coas miyoras que se fixeron vivimos moito miyor y qu'esto é fundamental, pro que, de volta, temos qu'axudar a qu'haxa un miyor equilibrio natural porque se non nun s'ha poder vivir como vivimos einda agora. Y é que, tamén, íbamos deixar úa mala herencia pra os que veñan detrás.